



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Referencia: FOAI / 2025

Expediente: 2024000034310

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS PARA O FINANCIAMENTO DE PERSOAL TÉCNICO NOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE IGUALDADE DE XÉNERO NO ANO 2025 (FOAI / 2025)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que mediante resolución da Presidencia foron aprobadas as Bases reguladoras do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento de persoal técnico nos servizos municipais de igualdade de xénero no ano 2025.

Visto tamén que as citadas Bases reguladoras foron publicadas no BOP número 198 de data 14 de outubro de 2024.

RESOLVO:

1º. Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento de persoal técnico nos servizos municipais de igualdade de xénero no ano 2025, de conformidade coas bases reguladoras aprobadas por Resolución de Presidencia de data 11 de outubro de 2024.

O Programa rexerese polas Bases reguladoras publicadas no BOP número 198 de data 14 de outubro de 2024.

O prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 21 de outubro de 2024, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 de novembro de 2024, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

2º. Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se achega como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urgente.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso

administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Os concellos e entidades locais da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes

Segundo. Obxecto

Financiamento do persoal técnico de igualdade de xénero e axentes de igualdade de xénero no ano 2025

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP número 198 do 14 de outubro de 2024 dispoñibles en:

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2024/10/14/2024_0000007189.pdf

Cuarto. Contía

450.000 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 21 de outubro de 2024, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 de novembro de 2024, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Los ayuntamientos y entidades locales de la provincia de la Coruña de menos de 20.000 habitantes

Segundo. Objeto

Financiación del personal técnico de igualdad de género y agentes de igualdad de género en el año 2025

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP número 198 do 14 de octubre de 2024 disponibles en:

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2024/10/14/2024_0000007189.pdf

Cuarto. Cuantía

450.000 €

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las 08:00 horas del día 21 de octubre de 2024, y finalizará a las 14:00 horas del día 21 de noviembre de 2024, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.